

ACTA da XUNTA DIRECTIVA DA FEDERACIÓN

DATOS DA PERSOA QUE CERTIFICA

Nome: PELAYO	1.º apelido: GARCÍA	2.º apelido: ACEVEDO	NIF:
Federación: F. GALEGA DE ORIENTACIÓN (FEGADO)	Cargo: VOGAL TRAIL-O		

LUGAR, DATA E HORA DA CONVOCATORIA:

Lugar:	https://teams.microsoft.com/meet/33576103953783?p=51BgOASckVRioD4vPi		
Data:	09/02/2026	Hora:	21:30 h

PERSOAS ASISTENTES

Nome e apelidos	Cargo	Club	Asiste	Non asiste
Sonia Gómez Naya	Presidenta	Compás	X	
Claudia Oreiro Chapela	Vicepresidenta	Gallaecia		X
Roberto Amarelle Garabán	Secretario	Compás		X
Javier Antoñón Clemente	Tesoureiro	Arnela	X	
Teresa Bellón Santos	Responsable O-pé	Aromon	X	
Alicia Pérez Alonso	Responsable MTBO	Raza Palleira	X	
Adrián Pérez Alonso	Responsable Raids	Raza Palleira	X	
Pelayo García Acevedo	Responsable Trail-O	Aromon	X	
Jorge Piñeiro Portela	Responsable Direc. Técnica	Ártabros	X	
María Piñeiro Varela	Responsable de Comunic.	Ártabros	X	

ORDE DO DÍA

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior (07-01-2026)

Apróbase por unanimidade a acta da Xunta directiva anterior celebrada o día 07/01/2026.

2. MTBO Fedo

Sonia informa sobre o estado da situación da sección de MTBO da FEDO tras as conversas mantidas coa Federación Española de Orientación en relación cos problemas ocorridos con anterioridade (ano 2025), poñendo de manifesto a falta de criterios de selección, que a día de hoxe continúan sen actualizarse. Así mesmo, expóñense as diferenzas que se observan entre as distintas disciplinas, presentando un caso concreto relativo á selección de RAID e ás axudas propostas. En relación con este asunto, varios membros da Xunta Directiva expoñen a súa opinión persoal sobre o acontecido e sobre as posibles solucións a formular de cara ao futuro.

Sonia informa tamén sobre as conversas mantidas coa dirección técnica da Federación Española de Orientación respecto á posibilidade de asistencia dunha selección española de MTBO ao campus de adestramento de selección de MTBO que terá lugar en Portugal. Indícase que, independentemente da decisión que adopte a FEDO, a FEGADO tratará de organizar unha selección galega que poida asistir ao devandito campus.

3. CESAR e CESA

Intervén En relación co II Campionato de España de Seleccións Autonómicas de Raids (CESAR), que terá lugar os próximos 28 de febreiro e 1 de marzo, Adrián expón o número de persoas inscritas na actualidade, sendo este de dous equipos veteranos, un equipo absoluto e ningún equipo xuvenil. A isto súmase a participación de dous equipos na categoría OPEN.

Javier, Jorge, Sonia e Alicia expoñen e debaten sobre as diferentes problemáticas á hora de formar estas

seleccións e sobre a baixa participación. Entre os distintos factores inclúense o aprazamento do CESAR ocorrido no ano 2025, que obrigou á modificación e proposta dunha nova data; as características dos RAIDs de aventura e o elevado número de horas de competición, o que dificulta a afinidade e a procura de corredores de nivel e preferencias semellantes. Jorge expón, así mesmo, a coincidencia deste evento cunha proba de O-Pé da Liga Galega e a convalidación, ou non, dos puntos da proba no caso de participación no CESAR.

Respecto ao Campionato de España Escolar por Seleccións Autonómicas (CESA), que se celebrará os días 20 e 21 de xuño de 2026, Sonia expón a información que está a recibir por parte da organización. Infórmase que a selección autonómica galega se aloxará en chan duro e contará con manutención. Así mesmo, indícase que se solicitou con suficiente antelación un orzamento para o desprazamento en autobús, co fin de evitar futuras problemáticas e a falta de opcións de transporte.

Jorge expón que, tras falar con Teresa, estase a valorar a posibilidade de realizar unha concentración pre-CESA cos posibles seleccionados galegos, así como a realización de varias actividades de tecnificación. En relación con isto, propónse unha primeira actividade de tecnificación na seguinte proba da Liga Galega, que se celebrará en Abadín o próximo 28 de febreiro. A proposta queda supeditada á posible aparición de condicións meteorolóxicas adversas.

4. CEO

Sonia e Jorge expoñen algúns problemas ocorridos durante o período de inscricións para o próximo Campionato de España (Urbano), que se celebrará os días 21 e 22 de febreiro. Jorge confirma que os equipos de remudas xa se atopan organizados, conseguíndose formar catro equipos de remudas. Infórmase, así mesmo, dun número total de 24 persoas inscritas. En relación coa selección galega que se formará, Jorge informa de que, tras falalo con Teresa, se manterán os criterios de selección habituais, evitando seleccionar deportistas unicamente polo feito de estar inscritos, a pesar de non acadar o número de deportistas orzamentados (34).

Respecto ao Campionato de España (Longa – Remudas – Media), Sonia informa que expresou a súa preocupación pola situación na que se atopa a zona onde se desenvolverá dito campionato. Trátase dunha zona de alta montaña (máis de 2.000 m de altitude) na que, tras as intensas nevadas rexistradas nos últimos meses, non semella garantirse a seguridade necesaria para o correcto desenvolvemento da competición. Así mesmo, Sonia manifesta o seu malestar polas dificultades e limitacións existentes en materia de aparcamento, que poderían verse agravadas pola elevada afluencia de esquiadores e deportistas de montaña prevista na zona, ao coincidir ademais cun período vacacional (Semana Santa). Jorge informa de que unha situación semellante xa se produciu nunha edición anterior, tamén nunha zona con presenza de abundante neve, e que dita problemática foi resolta a última hora, podendo levarse a cabo a proba.

5. Campus de adestramento selección de MTBO (Portugal)

Sonia fai referencia ao xa tratado no punto nº 2, informando da posibilidade da presenza dunha selección galega no devandito campus de MTBO.

6. Eleccións

Sonia informa do proceso que se deberá levar a cabo nas vindeiras datas en relación coa celebración das eleccións á presidencia da Federación Galega de Orientación. Infórmase de que, nun prazo máximo de dous meses desde o inicio do ano (ata o 28 de febreiro de 2026), deberán realizarse unha serie de procedementos, entre os que se inclúen: a elaboración do listado de candidatos electos e de candidaturas; a redacción do regulamento electoral; a convocatoria e celebración dunha asemblea xeral extraordinaria para a aprobación, se procede, do citado regulamento; a elaboración do censo de técnicos (2), xuíces controladores (2) e deportistas (8); así como a elaboración do calendario electoral e do censo electoral. Por este motivo, propónse convocar para o día 23 de febreiro de 2026 unha asemblea xeral extraordinaria, cuxa orde do día será a aprobación do regulamento electoral.

Sonia informa de que a actual Xunta Directiva deberá disolverse e pasar a actuar como Xunta Directiva en funcións ata a celebración das eleccións.

En relación co regulamento electoral e no relativo ás altas e baixas de clubs, infórmase de que os clubs Raza Palleira e Our-O pasarán a formar parte da Federación Galega de Orientación. No que respecta ás

baixas, propónse revisar a actividade dos clubs e dar de baixa aqueles que non solicitasen licenza federativa durante o ano 2026. Estes criterios de baixa serán revisados e incluídos no regulamento que se presentará na citada asemblea.

7. Rogos e preguntas

Jorge informa sobre a situación actual dos proxectos deportivos, indicando que algúns se atopan activos (Trail-O), mentres que outros aínda non o están (MTBO). Así mesmo, propón facer público un formulario de seguimento no que os deportistas indiquen as súas preferencias e intereses en relación con actividades de tecnificación, axudas de alto rendemento e expectativas deportivas de cara ao futuro, entre outros aspectos.

E sen máis asuntos que tratar, a presidenta da Federación Galega de Orientación (FEGADO) dá por finalizada a presente sesión da Xunta Directiva, sendo as 22:54 horas do día anteriormente indicado, do que, como secretario accidental, dou fe e asino dixitalmente o presente documento.